



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

**ACTA Nº 2019/14**  
**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**- CASA DO CONCELLO, MÉRCORES 30 DE OUTUBRO DE 2019 -**

No día de hoxe, ás 20:40 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

Manuel Fernández Munín

**ASISTEN:**

José Manuel Canabal Vázquez  
Jesús Sanjuás Mera  
Marta Magina Copóns Neira  
José Manuel Iglesias Gómez  
Ana María Seijo Mosquera  
Alejandro Bermúdez Devesa  
Xabier Canabal Vázquez  
M<sup>a</sup> Carmen Soutullo Carolo  
Iván Eirís Castro  
Ángela Santasmarinas Lorenzo

**SECRETARIA-INTERVENTORA:**

Eva María Casal Sanjurjo

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA**

1. Aprobación da Conta Xeral do exercicio económico 2018 e rendición da mesma aos Órganos de Control Externo

**DELIBERACIÓNS**

**Debido a un problema de conexión no cableado do sistema informático a través do que se gravan as sesións plenarias, no arquivo da acta multimedia pode apreciarse perfectamente a imaxe completa da pleno, pero non é posible apreciar o son das**

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

**intervencións dos distintos concelleiros, polo tanto transcríbense literalmente as deliberacións aportadas por cada un dos partidos políticos.**

## ACORDOS

### **1.- Aprobación da Conta Xeral do Exercicio Económico 2018 e Rendición da mesma aos Órganos de Control Externo**

#### **Antecedentes administrativos:**

**Primeiro:** Considerando que os artigos 208 e 209 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, establecen que as Entidades Locais, á terminación do exercicio orzamentario formarán a Conta Xeral, que porá de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario.

**Segundo:** Visto que, unha vez rendidas as contas, a Conta Xeral do exercicio económico 2018 foi formada pola Intervención Municipal co contido e documentación establecido na Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

**Terceiro:** Considerando que a Conta Xeral do exercicio económico 2018 someteuse ao Informe da Comisión Especial de Contas en data 4 de outubro de 2019, sendo ditaminada favorablemente pola mesma.

**Cuarto:** Considerando que a Conta Xeral permaneceu exposta ao público polo prazo de 8 días hábiles e catro máis (por aplicación do procedemento de urxencia) mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 191 de data 8 de outubro de 2019, durante cuxo prazo de exposición pública (do 9 ao 24 de outubro de 2019, ambos inclusive) non se formularon polos interesados reclamacións, reparos e observacións á mesma.

**Quinto:** Considerando que a Conta Xeral do exercicio económico 2018, acompañada, no seu caso, dos informes da Comisión Especial de Contas ás reclamacións e reparos formulados á mesma, debe someterse ao Pleno da

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

Corporación para a súa aprobación e posterior rendición aos órganos de control externo, Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Contas.

### **Fundamentos de Dereito:**

**Primeiro:** Considerando o disposto nos artigos 31.2 e 136 da Constitución española.

**Segundo:** Considerando o disposto nos artigos 208 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**Terceiro:** Considerando o disposto polo artigo 212 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

**Cuarto:** Considerando o disposto na Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

Cos votos a favor do Partido Popular e os votos en contra do grupo municipal Veciñ@s de Boqueixón, o Pleno da Corporación, **ACORDA:**

**Primeiro:** Aprobar a Conta Xeral do exercicio económico 2018 do Concello de Boqueixón e rendela aos órganos de control externo, Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Contas.

**Segundo:** Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

### **INTERVENCIÓNS GRUPOS POLÍTICOS**

A continuación transcríbense as intervencións aportadas polos dou grupos políticos municipais:

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

## **Intervencións Partido Popular ( facilitadas polo mencionado grupo político, e que se transcriben literalmente)**

A conta Xeral é un documento técnico que reflexa a situación económico financeira e orzamentaria do Concello de Boqueixón a 31 de decembro de 2018.

A elaboración da mesma é realizada polos servizos de intervención deste concello, persoal capacitado e habilitado para tal fin (recordemos que este persoal aprobou unha oposición).

Quixera que os sres. membros da oposición xustificaran o voto en contra a un documento técnico. Como ben saben vostedes, a conta xeral é informada pola comisión especial de contas, é sometida a información pública, na que por certo non houbo alegacións nin reparos, e debe ser aprobada polo Pleno para a súa posterior remisión ao Tribunal de Contas.

Co seu voto en contra, pretenden vostedes que esta Conta Xeral non se aprobe, e que non poida ser remitida a instancias superiores. O que pretenden vostedes e que non se aprobe esta conta xeral, que non se remita ao Consello de Contas de Galicia, e non se poidan solicitar subvencións á Xunta e Deputación. Isto non é outra cousa que impedir o normal funcionamento do Concello.

Vostedes intentan facer unha fiscalización política da xestión deste equipo de goberno, a través dun documento técnico que reflexa unha situación económico financeira que se resume en:

- Remanente de tesourería positivo (779.436,12 €)
- Resultado presupostario positivo (631.833,78 €)
- Resultado do exercicio positivo (1.423.236,24 €)
- Débeda bancaria cero, débeda por habitante cero.

Como os indicadores económicos da conta xeral a vostedes non lles interesan, porque son todos positivos, poñen de manifesto outros temas que nada teñen que ver co que hoxe estamos debatindo aquí; recórdolles: a aprobación ou non dun documento técnico.

E como o resultado económico deste concello a vostedes non lles convén pasan a falar da evolución da poboación de Boqueixón nos últimos anos; e fan unha interpretación a medida dos datos demográficos segundo os seus

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

intereses. Eu tamén me vou a parar a facer unha pequena análise da demografía de Boqueixón no que vai de século XXI.

No ano 2000 Boqueixón contaba con 4.291 habitantes e na primeira década a poboación foi incrementándose ata o ano 2009 (4.462 habitantes). O incremento foi contido, apenas o 4%.

A partir do ano 2009 e coincidindo coa crise económica vense producindo un descenso da poboación tamén moi contido, cunha baixada que se empeza a frear a partir de 2018, e con incrementos xa en 2019. A día de hoxe o Concello de Boqueixón ten 4.340 habitantes (este dato foime facilitado polo servizo deste concello, dato que tamén poderían consultar vostedes, que son tan concelleiros coma min). Quere dicir que non solo se lle puxo freo a ese descenso de poboación do que vostede fala, senón que nos últimos meses se está a recuperar poboación de maneira salientable (120 habitantes no que vai de ano).

Como vostedes saben, Boqueixón ten un Plan Xeral de Ordenación Municipal, baseado esencialmente na vivenda unifamiliar illada; non pretendemos ser Bertamiráns, nin Cacheiras, nin Milladoiro... non pretendemos ter 10.000 ou 15.000 habitantes, pretendemos ser un concello da zona de influencia de Santiago pero con identidade propia, en definitiva, pretendemos seguir sendo BOQUEIXÓN.

Tamén lles vou a dar unha serie de datos que non aparecen reflexados explicitamente na Conta Xeral do Concello de Boqueixón pero que vostedes deben saber:

- No ano 2018 o concello de Boqueixón inverteu en infraestruturas (camiños e pistas aglomeradas e asfaltadas, alumeados e aforro enerxético, saneamentos, etc) máis de 1.000.000 de euros (1.035.905,82 €, 245 € por habitante).
- Houbo investimentos por valor de 263.137,28 € no marco do proxecto Galicia Parabéns
- Inversións por importe de 178.784,96 € no obradoiro de emprego correspondentes á anualidade de 2018 (persoal e inversións no Local Social de Lestedo e na Casa de Cultura de Camporrapado)
- Desenvolvéronse actividades culturais e deportivas nas que participaron máis de 3.500 persoas ao longo de 2018.
- 72 comunicacións previas de obra e 39 licencias de obra concedidas

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

- Empregaron o servizo de orientación laboral 118 persoas no ano 2018. A taxa de paro en 2018 no noso concello foi do 9,49% (144 parados sobre 4.215 habitantes).

### **Intervencións grupo municipal Veciñ@s de Boqueixón ( facilitadas polo mencionado grupo político, e que se transcriben literalmente)**

#### 1.- Convocatoria

- Acta da Comisión de Contas: Erro na data (4 de novembro cando foi o 4 de outubro)
- Imos incidir brevemente no que comentamos na Comisión de Contas. Á vista da acta parece que estivemos unha hora (das 13.30 h ás 14.30 h) calados, e algo si que expuxemos.
- Fáltanos por analizar en profundidade as facturas e as ordes de ingreso.
- Incidimos de novo en que a conta chega tarde: Tal e como se recoñece na propia convocatoria da Comisión, a conta chega con meses de retardo, posto que en condicións normais esta debera, *“ser rendida polo seu presidente antes do 15 de maio do exercicio seguinte”* e esta *“será sometida a informe da comisión de contas antes do 1 de xuño”* e *“someterse ao pleno da corporación antes do 1 de outubro”*.
- Convocatoria por trámite de Urgencia: Aparte de chegar con retardo, faise por trámite de urxencia recurtando os prazos á metade.

#### 2.- Principais resultados orzamentarios

Como xa dixemos na propia Comisión de Contas, os números do Concello, non son malos. É dicir, a situación económica está saneada, pero si cómpre facer matices, posto que os números son peores que os dos últimos anos.

- Orzamento Inicial: 3.349.496,64 €
- Modificacións orzamentarias: 2.090.589,17 € (62,42% s/Orzamento Inicial).
- Orzamento Final (EN GASTOS): 5.440.085,81 €
- Orzamento Final (EN INGRESOS): 5.595.234,23 €
- Remanente de Tesouraría 2018: 2.550.929,16 €

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

- ☐ Resultado Orzamentario 2018: 631.833,78 €
- ☐ Resultado Orzamentario 2017: 983.423,62 €
- ☐ Variación Resultado Orzamentario: -35,75%
- ☐ Aforro Bruto<sup>1</sup> 2018: 474.153,21 €
- ☐ Aforro Bruto 2017: 627.054,42 €
- ☐ Variación Aforro Bruto: -26,23%
- ☐ Anualidade teórica de amortización: non temos datos para o 2018.
- ☐ Aforro Neto: non temos datos para o 2018
- ☐ Capacidade/Necesidade de Financiamento<sup>2</sup> 2018<sup>3</sup>: 4.558.156,66 € - 3.921.945,65 € = 636.211,01 €.
- ☐ Capacidade/Necesidade de Financiamento 2017<sup>4</sup>: 909.268,42 €
- ☐ Variación Capacidade Financiamento: -30,03%
- ☐ Recoñecemento Extraxudicial de Crédito 2017
- ☐ Recoñecemento Extraxudicial de Crédito 2018

### 3.- Poboación

#### Datos xerais

- ☐ Poboación 2018: 4.220 habitantes.
- ☐ Superficie: 73,09 Km<sup>2</sup>
- ☐ Densidade de poboación: 59,06 habitantes por Km<sup>2</sup>
- ☐ Pirámide poboacional: 643 menores de 20 anos. 1357 maiores de 60 anos.
- ☐ Poboación activa: 1.804
- ☐ Parados: 177
- ☐ Censo de vivendas: 1.995
- ☐ Censo de vehículos: 3.697
- ☐ Censo de empresas: 429

Como xa dixemos na Comisión de Contas, si quixeramos incidir nos datos da Poboación. Nun pleno anterior o alcalde presumía de que a poboación de Boqueixón aumentara. Aquí deixamos os datos do INE por ano, e a constatación do que temos dito nos últimos anos. Levamos 10 anos perdendo poboación.

<sup>1</sup> AFORRO BRUTO: Dereitos liquidados netos dos capítulos 1 a 5 - Obrigas Recoñecidas Netas dos capítulos 1 a 4

<sup>2</sup> CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO: Importes orzamentados Cap 1-7 Ingresos - Importes Orzamentados Cap. 1-7 Gastos.

<sup>3</sup> Nesta cifra non incluímos os axustes ao descoñecelos

<sup>4</sup> Nesta cifra inclúense os axustes pertinentes. Fonte Conta Xeral 2017



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

**ANO**

**HABITANTES**


**VARIACION**





Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

1998	4275	
1999	4245	-30
2000	4291	46
2001	4266	-25
2002	4261	-5
2003	4263	2
2004	4337	74
2005	4378	41
2006	4406	28
2007	4437	31
2008	4445	8
2009	4462	17
2010	4444	-18
2011	4430	-14
2012	4417	-13
2013	4370	-47
2014	4342	-28
2015	4321	-21
2016	4291	-30
2017	4242	-49
2018	4215	-27



Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

#### 4.- Empregados.

Número de empregados no Exercicio

- Eventual: 0
- Funcionario: 14
- Laboral Fixo: 8
- Laboral Temporal: 24
- TOTAIS: 45

Gustaríanos saber como fixeron estes cálculos, se é o número equivalente por xornadas anuais. Pensamos que foron máis no exercicio

En canto ao exercicio 2017 establecíase:

- Funcionarios: 13
- Laborais Fixos: 8
- Laborais Temporais: 21
- TOTAIS: 42

Servizos

- 1 ESCOLA INFANTIL
- 1 ESCOLA DE EDUCACIÓN PRIMARIA
- 3 ESCOLAS UNITARIAS
- 1 INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA (CPI)

Entidades Públicas Participadas

- MANCOMUNIDADE: COMARCA DE COMPOSTELA: TRANSPORTE METROPOLITANO

Fundacións

- FUNDACIÓN PEDRO PÉREZ PÉREZ: Concesión de axudas ao estudo a estudantes universitarios de veterinaria e medicina.

#### 5.- Xestión indirecta dos servizos públicos.

So veñen os datos do Servizo de Saneamento. Bótase en falta os datos económicos das outras xestións indirectas de Servizos públicos que relacionamos a continuación.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

## 1.- Saneamento

- Empresa adjudicataria: Espina y Delfín
- Modalidade: Concesión administrativa
- Concesión: 23 de xuño de 2010
- Prazo de execución: 25 anos
- Retribución: Produto da recadación das tarifas reguladas na ordenanza municipal.

## 2.- Conservación, reparación e mantemento do alumado público

## 3.- Axuda a Domicilio

## 4.- Asistencia Técnico Urbanística

## 5.- Mantemento Informático

## 6.- Clases Inglés

## 7.- Renting fotocopiadoras

## 8.- Mantemento Ascensores

## 9.- Cobranza dos recibos do abastecemento

## 10.- Convenios

No caso dos convenios, tampouco se arroxa ningún dato económico na memoria.

- Abastecemento de auga: Concellos de Santiago de Compostela, Vedra e Vila de Cruces.
- Telecomunicacións: Orange S.A., Vodafone, Telefónica, Tradia Telecom S.A.
- Gastos de limpeza CPI: Consellaría Educación e FEGAMP.
- Secretarías Xulgados de Paz: Consellaría Vicepresidencia.
- Espectáculos Rede Cultural: Deputación da Coruña.
- Prácticas Académicas Alumnos Pedagogía: USC.
- Campaña de Comunicación: El Correo Gallego.
- Campaña de Comunicación: Cadena Cope.
- Campaña de Comunicación: Sociedad Española de Radiodifusión, S.L.
- Xardiñeiras: Viveiros Compostela, As Zancas Viveiros, Xardín Compostela e María J. Sánchez.
- Realización obras infraestruturas: Consellaría do Medio Rural.
- Mellora de Equipamentos deportivos Cachosenande: Secretaría Xeral para o Deporte.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

- Acondicionamento Centro Socio Comunitario: Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.
- Senda Peonil de Lamas: Deputación Provincial.

Temos outras prestacións de servizos que nunca aparecen na memoria, como son:

CARACTERÍSTICA	DENOMINACIÓN	FORMA DE XESTIÓN	DATA CONTRATO	VENCIMENTO	PRORROGABLE
SERVIZO VOLUNTARIO	TANATORIO	INDIRECTA	04/04/2013	04/04/2033	
SERVIZO VOLUNTARIO	SERVIZO ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS	INDIRECTA	05/10/2015	07/07/2016	??
SERVIZO VOLUNTARIO	SERVIZO ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS	INDIRECTA	12/09/2016	12/09/2017	SI, 2 ANOS MAIS
SERVIZO OBRIGATORIO	RECADACIÓN TRIBUTARIA	INDIRECTA			

#### 6.- Bases da presentación das contas

Recoñécese que o *“Concello de Boqueixón dispón de inventario de bens pero carece do inventario contable, polo que o Balance non reflicte a imaxe fiel da entidade no seu aspecto patrimonial, e non se aplican amortizacións. Polo que, non ter información patrimonial non permite facilitar unha adecuada información de custos.”*

“Principio de pagamento: esta entidade efectúa a imputación temporal de gastos e ingresos en función da corrente real de bens e servizos que estes representan, e non no momento en que se produce a corrente monetaria ou financeira derivada daqueles, cumprindo estritamente este principio de pagamento.”

Á vista da relación de facturas de pagos, vemos que non se cumpre este principio, posto que vimos facturas de gastos correspondentes ao ano 2017 que se pasaron ao exercicio 2018 sen ser por REC.

Despois dicir tamén que o uso masivo do REC distorsiona claramente o principio de pagamento referido.

Principio de imputación orzamentaria. Dise que *“a totalidade dos gastos e ingresos orzamentarios do exercicio 2018 imputáronse dacordo coa súa natureza económica e con cargo, no caso de obrigas, aos respectivos créditos”*. Porén, segue dicíndose que *“tramitouse neste exercicio dous recoñecementos extraxudiciais de créditos (pleno de 14 de febreiro por 115.874,17 € e pleno 9 de maio por 3.614,73 €) e unha incorporación de*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

*remanente de crédito por 307.725,92 €*". É dicir, dise que se cumpre o principio de imputación orzamentaria e seguidamente dise que non se cumpre. Paradóxico!

É dicir, na práctica non se cumpren estes principios básicos.

### 7.- Análise de ingresos.

En canto aos ingresos seguimos vendo multitude de defectos na Conta, e todo iso sen facer un análise moi profundo dos ingresos (só puidemos acceder a facer unha comprobación inicial e parcial) pero si observamos que na práctica xustifícanse os reparos que a Secretaría deste Concello prantexou no pleno de xullo pasado.

Poñemos algún exemplo:

- 31/05/2018: Ingreso en efectivo - Recadación maiores 2018. Non se sabe a quen corresponde. Só o xustificante de ingreso no Banco Pastor.
- Ingreso Piscina. O Concello de Boqueixón recibiu de D. José Manuel Barrio Pérez con NIF xxxx a cantidade de 1865 € en concepto de abonos piscina municipal no período comprendido entre os días 6 e 10 de xullo de 2018. Asdo. Anselmo Caeiro (Tesoureiro). Xustificación: Entrega en Efectivo do Banco Pastor. Lista manuscrita de Socios Piscina.
- 13/07/2018 Excursion Arde Lucus. Entrega efectivo: 185,00 €. Informe Rosario Iglesias. 37 persoas a 20 € cada unha. Xantar. 15 € (factura Rosada de Lugo 16/06/2018 555 €)
- 20/07/2018. EXCURSION PONTEVEDRA. Ingreso Pascual de 581,00 €. Non hai máis xustificación
- 13/08/2018. ACTIVIDADES - INGRESO EFECTIVO USUARIOS EXCURSION COSTA DA MORTE. Ingreso en efectivo. NON HAI NINGÚN TIPO DE XUSTIFICACIÓN.
- 31/08/2018 Ingreso Piscina. Informe do 18 de xullo O Concello de Boqueixón recibiu de D. José Manuel Barrio Pérez con NIF xxxx a cantidade de 60 € en concepto de abonos piscina municipal no período comprendido entre os días 6 e 10 de xullo de 2018. Asdo. Anselmo Caeiro (Tesoureiro). Xustificación: Entrega en Efectivo do Banco Pastor. Non hai lista.
- 31/08/2018 Ingreso Piscina. Informe do 29 de agosto. O Concello de Boqueixón recibiu de D. José Manuel Barrio Pérez con NIF xxxx a cantidade de 1.700 € en concepto de abonos piscina municipal no

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

período comprendido entre os días 11 de xullo e 26 de agosto de 2018. Asdo. Anselmo Caeiro (Tesoureiro). Xustificación: Entrega en Efectivo do Banco Pastor. Lista manuscrita.

Pode verse claramente que a forma de funcionar do departamento é claramente irregular.

#### 8.- Análise dos gastos.

Primeiro: Os gastos de Gasoil non aparecen imputados aos programas de gastos específicos, polo que non podemos obter unha información fiable dos centros de custos dos distintos programas de gastos. Igual podemos dicir dos gastos de desplazamentos, compra de material de oficina... que aparecen sempre vinculados ao programa de Administración Xeral (920)

Segundo: Aínda que non temos unha cifra final, segue, ao igual que vimos comentando nos últimos anos os altos volumes das facturación realizada con Rendo Facorro María Luisa por materiais varios servidos sen ningún tipo de contrato. Son compras puntuais, pero tan puntuais que suman un montón de facturas e cantidade. Pouco a pouco van facturando máis negocios de venda de materiais de construción do noso concello pero cunha facturación aínda moi escasa.

Terceiro: Tamén a empresa Autoeléctrico Sergude, SC, se leva unha cantidade importante da facturación de distintos arranxos de maquinaria do Concello. Co agravante que estamos falando de familia directa do Alcalde.

#### 9.- Análise política.

Tampouco neste epígrafe imos ser innovadores, deixando practicamente as mesmas conclusións que temos deixado nos últimos anos, co agravante de que non se teñen en conta.

PRIMEIRO. Un concello caro e ineficiente, con 45 traballadores (que na realidade son máis) e moitos dos servizos externalizados.

SEGUNDO: O equilibrio das contas públicas pagámoslos entre todos nos últimos anos. Recordar as subas astronómicas dos impostos directos en anos anteriores e que se manteñen no presente (vehículos e sobre todo IBI), e tamén polo incremento constante nos últimos anos das taxas e prezos públicos. Algúns d@s veciñ@s de Lestedo, fan comparación coas actividades que os seus fillos realizan en Vedra, e din, que neste punto, son caras as actividades que se realizan en Boqueixón.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

TERCEIRO: A tendencia da poboación nos últimos anos debe facernos reaxir, aplicando políticas que vaian máis aló do asfaltado, dos puntos de luz, e da colocación de contedores do lixo. Debemos:

- Camiñar cara unha xestión racional, remunicipalizando servizos públicos para prestalos de xeito eficiente.
- Políticas activas de conciliación destinadas a nen@s e vell@s.
- Políticas de apoio ao pequeno comercio, ao sector agrogandeiro, aos autónomos...
- Políticas de turismo que permitan engancharse con Santiago de Compostela.
- Unha aposta por un transporte público metropolitano decidida.
- Unha aposta clara por unha política cultural moderna e sen tutelar.

Necesitamos un concello vivo. Temos que camiñar cara unha prestación de servizos efectiva ás novas necesidades da xente e que permita que Boqueixón sexa atractivo para vivir, para traballar... E iso só é posible se incrementamos o nivel dos servizos (Comunicacións, Servizos Educativos e Culturais, Conciliación, apoio aos sectores produtivos, coidado do medioambiente, ao sector turístico...). E isto é moi secundario tanto cuantitativa como cualitativamente. E á vista está esta Conta Xeral.

Aspiramos sair do círculo vicioso que implica a perda de poboación e de servizos. Á vista das cifras, poden comprobar que coas políticas destes últimos anos de asfalto e cemento, non o conseguimos.

Se deciden facer unha aposta por outras cousas, saben que nese camiño, **CONTAN CON NÓS.**

Ás 21:24 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria-interventora, dou fe.

Boqueixón, luns 27 de xaneiro de 2020.

A secretaria-interventora, Eva María Casal Sanjurjo

**O ALCALDE, MANUEL FERNÁNDEZ MUNÍN**

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)